



Concello de Vigo

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 30 de maio de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

2.- BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DE VIGO PARA O CURSO 2019-2020. EXPTE. 185696/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20/05/19, e o informe de fiscalización do 24/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 1 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas libros e comedor*"): 110.000€ para libros e 1.095.000€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa na convocatoria a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2018-2019 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas) e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. O elevado número tanto de solicitudes que hai que valorar (4.171 solicitudes de axudas de comedor e 1.930 de libros e material escolar na última convocatoria, coa súa documentación anexa) como dos pagamentos resultantes da resolución da convocatoria, tramitación e resolución de recursos, tramitación e resolución de axudas de comedor en réxime excepcional, xestión de altas e baixas, etc., fai totalmente inviable a súa tramitación co persoal actual do Servizo de Benestar Social.

En consecuencia, para a implementación deste programa de axudas no curso 2019/2020 sería necesaria a dotación do seguinte persoal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 2 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- Tres (3) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un periodo de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).
- Un/unha (1) auxiliar administrativo/a para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

Este programa de axudas ten unha duración estimada de doce (12) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2020.

II. PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases para a concesión das axudas municipais de libros, material escolar e comedor nos centros públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria de Vigo para o curso 2019-2020, elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Comprometer o gasto de 110.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Comprometer o gasto de 1.095.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2019/2020. Desta cantidade, 375.780,80 € imputaranse ó exercicio de 2019 e o resto, 719.219,20 €, ó exercicio de 2020. A contía do ano 2020 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento Benestar social. Eses créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 120.000€.

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas ("*datos estruturados*").

QUINTO: Aprobar as necesidades de persoal necesario para a xestión destas axudas municipais de libros, material escolar e comedor para o curso 2019/2020, que se concretan en:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 3 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Tres (3) auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un periodo de 6 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Arts. 10.1.d] TREBEP e 23.2.d] L.2/2015).
- Un/unha (1) auxiliar administrativo/a para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

A duración estimada deste programa é de doce (12) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2020.»

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2019-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Ares. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 4 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2019-2020.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 5 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDA.- Programas subvencionables.

Os programas subvencionables serán:

–Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme...).

–Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo.

A publicación das presentes Bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no BOP de Pontevedra. Anunciarase igualmente no BOP o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterado por medio de anuncio na prensa local.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17. 3.b.), 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na paxina web municipal e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse na web do Concello, no taboleiro oficial de anuncios e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor- (ordenadas numericamente), Exp. Servizos Sociais, número de expediente na xestión de municipal, colexio, finalidade da subvención (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á BDNS.

CUARTA.- Destinatarios de comedor.

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas, poderán solicitarse subvencións para o comedor con carácter excepcional a partir do 1 de novembro de 2019.

Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar a causa da excepcionalidade na solicitude.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 6 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as no curso 2019-2020 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria (1º a 6º) 6 a 12 anos
- Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) 12 a 16 anos

QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través de FOANPA, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco non poderán acceder ás axudas de libros, material escolar e comedor os/as alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revogada.

Segundo a consulta da DGT V1048-17, as axudas municipais para a compra de libros de texto e material curricular están exentas de IRPF.

SEXTA.- Requisitos xerais.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario das axudas os seguintes:

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 7 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados dende a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€
3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€

Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de cincocentos euros ó mes (500€/mes) dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2019.

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 8 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Solicitude e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso que se presente máis uniranse , tramitándose a primeira presentada no rexistro xeral.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos, sempre que non consten xa na base de datos do Departamento de Benestar Social.

7.2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Departamento.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*)

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2018 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia (*).

(*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor)

7.6. De ser o caso, copia do contrato de aluguer e dous xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos meses de marzo e abril de 2019.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a).
- Enderezo da vivenda alugada.
- Mes e importe pagado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 9 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ser o caso, de ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

- Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).
- Fotocopia dos recibos de pagamento da hipoteca dos meses de marzo e abril de 2019, sobre os gastos realizados en concepto de amortización da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente de grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
- Documento acreditativo da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente.

7.9. No caso de situación de *violencia de xénero* no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do "Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller".

7.10. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.- Presentación de solicitudes.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 10 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP

DECIMA.- Criterios de valoración.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos do ano 2018 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, letra f), a renda *per cápita* considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2019.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%, ata un máximo de dous membros.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión de municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 11 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non achegan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados/as.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Superar os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
 - Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
 - Libros: o curso que se solicita non é subvencionado neste programa.
 - Libros: na modalidade excepcional, non son subvencionables.

- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior.

Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar (ata o 15 de outubro) e comedor (durante todo o curso) que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas libros e comedor*") do orzamento de Benestar Social do Concello.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política Social resolverá a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.

- **Contía para libros e material escolar:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 12 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 85,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do beneficiario, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento da contía que se subvenciona directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

- Contía para comedor:

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de corenta e un euros (41€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán vinte e oito euros con setenta céntimos (28,70€), o 70%, por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 13 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No segundo e terceiro pagamento reaxustaránse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.
- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.
- Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Departamento de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as subvencionados/as de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houber. Estas listaxes serán remitidas ó Concello unha vez asinadas polo pai, nai ou titor.

As direccións dos centros emitirán dúas certificacións ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A primeira certificación xustificará os fondos das axudas de comedor do primeiro cuadrimestre do curso (setembro-décembro).

A segunda certificación emitirase á finalización do curso e fara referencia ó período xaneiro-xuño.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas Bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (41€/mes, agás os meses de decembro e abril) ten a obriga de gastar o importe mensual dentro do mes.
- Comunicar ó Departamento de Benestar Social ou ó centro educativo as baixas.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.
- O pai, nai ou titor están obrigados a asinar as listas da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 14 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.

No caso das axudas de libros e material escolar, revogárase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia sen causa xustificada dun/ha alumno/a por un período continuado de catro días ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse coa suspensión temporal ou definitiva para o curso.

A suspensión comezará sempre o primeiro día do mes e, de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA

Bases reguladoras.

As Bases reguladoras das AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2019-2020 aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º do .

Crédito orzamentario.

O importe total das subvencións para conceder non excederá do límite de 1.205.000,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 “Bolsas libros e comedor”. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RGS). A contía máxima a incrementar será de 120.000 €.

Obxecto e destinatarios.

As bases aprobadas teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/ as alumnos/ as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2019-2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 15 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Requisitos.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

Instrución e resolución: órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Departamento de Benestar Social. O órgano instructor incorporará un informe no que se acredite que, da documentación que ten no seu poder, despréndese que todos/as os/as beneficiarios/as cumpren os requisitos estipulados. A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá ó órgano instructor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local acordará conceder ou desestimar e crear a lista de espera das axudas con cargo á aplicación e polo importe máximo sinalado nas Bases.

Presentación de solicitudes e prazo.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 do a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte ó da publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LGS.

Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contando desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Solicitude e documentación.

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 16 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.

Recursos.

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contarán a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Criterios de valoración e distribución das axudas.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos dos compoñentes da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda per cápita considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2019.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%, ata un máximo de dous membros.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.

- 1.- Contía para libros e material escolar 85,00€/ alumno/a.
- 2.- A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 41,00€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 28,70€, o 70%, por ter menos días lectivos. A diferenza, de existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

Publicidade.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios oficial do Concello e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

EXTRACTO DA CONVOCATORIA

De conformidade co previsto nos Arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA do programa de axudas indicado. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 17 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Persoas beneficiarias.

Alumnos/as matriculados no curso escolar 2019-2020 en centros docentes públicos ou privados concertados, en educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio no termo municipal de Vigo. Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de Educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

Obxecto e finalidade.

Estas axudas van dirixidas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2019-2020, que non contén con recursos económicos suficientes.

Bases reguladoras.

Forn aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº do .

Crédito orzamentario.

O importe total das subvencións a conceder non excederá do límite de 1.205.000,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 "Becas libros e comedor". Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RGS). A contía máxima a incrementar será de 120.000€.

Presentación de solicitudes e prazo.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as solicitudes a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LGS.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE (en funcións),
Abel Caballero Alvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2024 00:35	Páxina 18 de 18
SUBVENCIONS	CSV: A2A14E-E34ADD-26BB59-38TE1A-LUCC2H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		